

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE**

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 07/09/2018

Apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión anterior (19-VII-2018).
2. A listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os, suplentes e excluídas/os no Mestrado Universitario da Avogacía para o curso 2018/2019 no segundo prazo de preinscrición e a delegación na coordinación da elevación a definitiva da devandita listaxe.
3. A solicitude á Comisión de Estudos de Posgrao da apertura do terceiro prazo de preinscrición e matrícula no Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2018/2019.
4. A delegación na coordinación do Mestrado da aprobación das propostas temáticas do TFM para o curso académico 2018/2019.
5. A asignación dos titores do Plan de Acción Titorial (PAT).
6. O Informe do PAT do curso académico 2017/2018.
7. O informe anual da Sra. Coordinadora no que se detallan as incidencias producidas durante a impartición do programa formativo.
8. O informe anual do Sr. Coordinador profesional no que se detallan as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.
9. A renovación da coordinación académica do Mestrado universitario en Avogacía durante o curso académico 2018/2019.
10. A modificación do cadro de recoñecementos do Mestrado universitario en Avogacía para o curso 2018/2019.
11. A delegación na coordinación das competencias para resolver sobre:
 - Terceiro prazo de matrícula.
 - Informe para solicitudes fóra de prazo.
 - Cronogramas das materias e modificacións concretas posteriores que poidan ser necesarias.
 - Propostas temáticas do TFM.
 - Distribución de estudantes no PAT.
 - Concretar horarios para a Xornada de acollida

Ourense, 10 de setembro de 2018

Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo



Roberto O. Bustillo Bolado
SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía, celebrada o día 7 de setembro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 10 de setembro de 2018.



Concepción Martínez Martínez
Xefa do negociado de asuntos xerais da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Mestrado (despacho núm.4-1, 3º andar).